

## ESQUEMAS PROTOTÍPICOS DE *RELACIÓN* EN GALEGO

XOSÉ SOTO ANDIÓN  
*Universidad de Vigo*

### 1. PRESENTACIÓN

O traballo que aquí abordamos ten como base as investigacións realizadas para a nosa tese de doutoramento, centrada nos esquemas semántico-sintácticos e na elaboración dun dicionario analítico de verbos e construcións para a lingua galega. De aí proceden a meirande parte dos datos e dos exemplos manexados, tirados tanto de fontes orais (gravacións e transcricións de diferentes puntos de Galicia) coma escritas<sup>1</sup> (fundamentalmente novela, ensaio, xornais, revistas e dicionarios). A eles sumamos algúns novos extraídos do *TILG (Tesouro Informatizado da Lingua Galega, Santamarina)*.

### 2. INTRODUCCIÓN

A noción de *relación* xa foi destacada no seu momento por F. de Saussure (1976:170 e ss.) como elemento central das linguas. Malia que o sentido que lle damos aquí é outro, esa consideración gramatical sérvenos para lembrar que tanto os feitos gramaticais

---

<sup>1</sup> Nos exemplos de oralidade indicamos entre parénteses o lugar de procedencia do informante e a idade. Nos que proceden de fontes escritas sinalamos a obra e a páxina.

coma os fonético-fonolóxicos e os semánticos son o resultado dalgún tipo de relación. A partir desta premisa, podemos vencellar o significado das palabras cos factores gramaticais para proxectar a noción semántica de *relación* na construción.

### 2.1. Delimitación e caracterización

Neste traballo partiremos dun concepto semántico de *relación* baseado nos seguintes contidos:

1. Aquilo que liga dous ou máis elementos entre si, que fai que dous ou máis elementos teñan algo que ver entre si (*Diccionario da Real Academia Galega*, García e González 1997:1005).
2. Conexión, correspondencia de algo con outra cosa. 3 Conexión, correspondencia, trato, comunicación de alguen con outra persona (*Diccionario de la Real Academia Española*, RAE 2001:1935).
1. The state or condition of being related or the manner in which things are related (*Collins English Dictionary*, Collins 2005:1365).

O que acabamos de dicir podemos trasladalo ao eido da construción para comprobarmos como se plasma na estrutura da cláusula e nos esquemas eventivos. Como sabemos, os eventos<sup>2</sup> poden clasificarse, dunha maneira xenérica, en dous, tres ou catro grandes clases: estados, actividades, logros e realizacións (Vendler 1967); eventos e estados (Faria *et al.* 1996:364); accións, estados, procesos (López 1996:169 e ss.; Moreno Cabrera 1997 e 2003<sup>3</sup>; Vilela 1999: 350 e ss.; Freixeiro 2000:687 e ss.); accións, transicións, procesos (Pustejovsky 1998); accións, procesos, posicións, estados (Álvarez e Xove 2002). Pero esta delimitación, que pode resultar moi útil tanto dende o punto de vista lingüístico coma dende o didáctico ou pedagóxico, conviría precisala e melloralala para os especialistas, e xa que logo discriminar outras subclases dentro das anteriores. Por exemplo, seguramente dentro do papel ou macropapel (tradución de *macrorole* e *hyperrole* de Van Valin e Lapolla 1997, e Kibrik 1997:290 e ss.) denominado estado habería que concretar esquemas de existencia ou de

---

<sup>2</sup> Denominación xenérica válida para calquera tipo de acción, estado, proceso, etc.

<sup>3</sup> Nesta obra publicada en 2003, o autor chama “tipos de suceso” aos estados, procesos e accións.

ausencia/presenza. En paralelo, dentro das accións ou dun macropapel de acción conviría separar accións como a de *comer*, de accións que son movemento como *camiñar*, de accións que non repercuten nun suposto afectado como *ver*, *oír* e mesmo de accións psíquicas –tamén denominadas procesos psíquicos– como as manifestadas en *pensar*, *cavilar*.

Pois ben, seguindo esta liña, un dos distintos subtipos semánticos que podemos establecer, pertencente en maior medida tanto á clase das accións como á dos estados, é o referido a aquelas construcións que indican *relación* na liña do significado arriba sinalado.

### 3. ESQUEMAS PROTOTÍPICOS DE *RELACIÓN*

Nas seguintes páxinas daremos conta de distintos esquemas semántico-sintácticos prototípicos de *relación* en galego a partir dos verbos<sup>4</sup> que neses esquemas teñen a función sintáctica de núcleo de predicado e o papel semántico de *relación*. Existen máis dos que foron seleccionados, pero cos descritos aquí é posible deducir o comportamento destas construcións e reflexionar sobre a conveniencia de establecer unha nova subclase, en maior grao para os estados e as accións, que permita profundar e coñecer con meirande exactitude as estruturas eventivas da lingua. Boa parte dos casos analizados poden tamén atoparse, con pequenos matices diferenciais, noutros sistemas próximos.

Para analizarmos os esquemas eventivos de *relación* establecemos dous grandes subtipos<sup>5</sup>: esquemas de relación dinámicos e esquemas

---

<sup>4</sup> Esta perspectiva funcional, malia que se basea no verbo predicado, está orientada á dimensión da construción, de tal maneira que as funcións sintácticas e semánticas son funcións da construción máis ca do verbo (Jackendoff 1990; Kay 1997:123 e ss.; Hale e Keyser 2002; Borer 2004), un punto de vista que sitúa a interrelación dos elementos da estrutura clausal como eixe da análise gramatical.

<sup>5</sup> O método empregado para describir e analizar este tipo de estruturas interrelaciona semántica, sintaxe e léxico. Langacker (1991) defende que non se pode dissociar o léxico da gramática, do mesmo xeito que non se pode separar a estrutura sintáctica da estrutura semántica. Lyons (1993:135) entende que o significado oracional é resultado do significado léxico e gramatical, é dicir, do significado dos lexemas constituíntes e das construcións gramaticais que relacionan sintagmáticamente eses lexemas. Parecida é a postura doutros autores como Gutiérrez Ordóñez (1996:42), que consideran a existencia dunha valencia sintáctica, semántica e formal aplicable aos signos, que serve para delimitar a súa

de relación de estado. Servímonos tamén dos parámetros que a continuación sinalamos: predicado, significado, exemplos, esquema sintáctico e semántico, suxeito (rasgos semánticos e sintácticos, orde e control), complementación<sup>6</sup>, outras características da construción como voz<sup>7</sup>, emprego de *se* e valores aspectuais<sup>8</sup>.

---

combinatoria. Por último, Croft (2001:128) establece unha interconexión entre o que denomina a estrutura conceptual baseada nas experiencias do falante, e a estrutura sintáctica e semántica.

<sup>6</sup> A *complementación* refírese ás distintas funcións sintácticas da construción que precisan outras funcións básicas como son o suxeito e o predicado.

<sup>7</sup> Manexamos os tres tipos básicos de voz: activa, media e pasiva. A pasiva en galego, francés e outras linguas (Dimitrova-Vulchanova 1999; Araújo 2001) volve intransitiva a construción mediante a presenza de *se* na pasiva sintética, ou mediante a reorganización dos participantes na pasiva analítica, situando antes do verbo a entidade afectada e quedando o axente ou en posición posverbal ou na indeterminación. Tanto en galego coma noutras linguas a pasiva analítica perde terreo en favor da construción con *se*. A voz media está formada por estruturas formalmente activas e por estruturas pronominais con *se* (isto pódese ampliar en Cidrás 2001 e Sánchez López 2002); presenta un suxeito afectado, que pode ser [±animado], sen consideración dun axente que realice o evento, aínda que pode existir un causante. Halliday e Mathiessen (2004:280-305) aproximan a voz media a un tipo de cláusulas que actúa preferentemente baixo o patrón do denominado modelo ergativo e no que o suxeito se caracteriza por ter un papel semántico de *Medium*.

<sup>8</sup> Baixo a denominación de valores aspectuais ou aspectualidade (cf. Miguel 1999; Bertinetto e Delfitto 2000; Thieroff 2000) incluímos tanto o aspecto léxico ou aktionsart –modo do evento– derivado do lexema verbal en función de predicado, coma o aspecto gramatical derivado de procedementos morfolóxicos e sintácticos: suxeito e complementos, presenza de *se*, perífrases, negación, adverbios e locucións adverbiais, tempos verbais, afixos derivativos e flexivos, etc. Dentro destes valores e seguindo os autores antes mencionados discriminamos os seguintes contidos:

- Estativo/dinámico: o primeiro dáse de forma homoxénea ao longo do tempo sen mostrar cambio nin proceso. O segundo implica unha actividade –física ou psicolóxica– ou un cambio que se manifesta nuns resultados. O evento dinámico admite fases: inceptiva, media, terminativa ou cesativa.
- Puntual ou instantáneo (acontece nun momento: *estourar*)/durativo ou progresivo (progresa ao longo do tempo).
- Atlético/télico: un evento resulta atético cando se mantén e dura un tempo non determinado; a miúdo admite a complementación con *durante*. Un evento é télico cando non mostra permanencia (*chegar*) nin manifesta duración.
- Simple e semelfactivo (consta dunha fase)/iterativo, múltiple, intermitente (consta de varias fases).
- Habitual: repítase con determinada frecuencia.
- Permanente: repítase de maneira constante.
- Non intensivo (*chover*)/intensivo (*arroia*, *chove máis*)/atenuativo (*barruza*, *chove miúdo*).

### 3.1. Esquemas dinámicos

Son aqueles esquemas de *relación* nucleados por predicados como *acompañarse, alternar, amigarse, andar, conectar, confundirse, conxeniar, darse, entenderse, intimar, levarse, mesturarse, relacionarse, saír, tirar, xuntarse...*

Deseguido imos deternos na análise dos principais esquemas de relación nucleados por algúns destes verbos.

3.1.1. *Alternar* funciona en esquemas de relación cuxo significado é o de “relacionarse, ter trato e realizar vida social”.

- (1) *Alghún estudante que era amigho meu ou alternaba con el, faláballe en ghallego* (Aciveiro, Forcarei, Pontevedra, 63).
- (2) *Antes alternaba máis, agora non quere ver a nadie* (Forcarei, Pontevedra, 34).

O esquema sintáctico é *suxeito-predicado* e *suxeito-predicado-compl. prepositivo*, co respectivo esquema semántico *portador de relación-relación* e *portador de relación-relación-término*<sup>9</sup>.

O suxeito tende a se situar antes do predicado e remite a unha entidade cos trazos semánticos [+ humano], [+ concreto], [±común], [+ continuo] en casos como *vgr. a xente alterna pouco*, [+ control]<sup>10</sup>.

O complemento pode non se explicitar nalgunhas estruturas (*vgr. a xente agora non alterna*), se ben a súa presenza case sempre queda latente. Resulta habitual algún compl. circunstancial co papel semántico sobre todo de cuantificación (*vgr. María alterna moito cos amigos*), causa (*vgr. alterna porque lle gusta*), fin (*vgr. gústalle alternar coa xente para ter amigos*), lugar e tempo. Nos demais casos funciona un compl. prepositivo representado por unha fr. prep.

---

<sup>9</sup> O papel semántico *término* fai referencia á entidade animada ou inanimada na que desemboca ou converxe calquera tipo de evento (acción, proceso e estado). É un papel semántico moi característico do compl. prepositivo.

<sup>10</sup> Noción tirada de B. Comrie (1989:59 e ss.) para quen o control é, *grosso modo*, o dominio que un axente manifesta sobre o evento ou situación descritos polo verbo. Este autor distingue entre *control total*, que manifesta vontade e desexo por parte do axente (caer no chan deliberadamente); *control potencial* (caer por descoido); *non control* (caer por causa dun empurrón).

de estrutura (*con+ fn/cláus.*), cun referente [+ humano] que é o segundo membro dunha relación. O complemento pode ter o trazo [+ control] e a construción adquirir valores próximos aos de reciprocidade, se ben aquí a relación non é simultánea senón que parte primeiramente do individuo suxeito cara á entidade en función de complemento.

A construción é activa. Admite *se* para indicar suxeito indeterminado (*vgr. agora altérnase menos ca antes*). Os valores aspectuais prototípicos son dinámico, atélico, habitual.

3.1.2. *Amigarse* é outro predicado que funciona en esquemas de relación baixo o contido de “xuntarse para facer vida de matrimonio, arrimarse”.

(3) *Carme e Pepe amigháronse* (Forcarei, Pontevedra, 60).

(4) *Amigouse cunha muller máis vella ca el* (Soutelo, Forcarei, Pontevedra, 60).

O esquema sintáctico é *suxeito-predicado, suxeito-predicado-compl. prepositivo* e o respectivo esquema semántico *portador de relación-relación, portador de relación-relación-término*.

O suxeito antepónse xeralmente ao predicado e ten os trazos semánticos [+ humano], [+ concreto], [ $\pm$ común], [+ control].

O complemento pode non explicitarse cando o suxeito é plural ou composto ou cando se indica un certo estado do mesmo (*vgr. Pepe amigouse* [está amigado con alguén]) quedando así latente. Está representado por unha fr. prep. de estrutura (*con+ fn/cláus.*), cun referente [+ humano] que constitúe o segundo membro dunha relación que ten no suxeito o seu punto de partida. Opcionalmente é posible a presenza de distintos compl. circunstanciais co papel semántico sobre todo de causa, locación temporal e espacial, modo, fin. Ás veces funciona un dativo e/ou compl. ind. co papel semántico de afectado, en ocasións expresando un matiz pexorativo (*vgr. amigóuselle a filla este ano*).

A construción é activa e pronominal, cun clítico variable en número e persoa que actúa como formante lexemático do verbo e reforza o papel de afectado e axente do suxeito, nalgúns casos

marcando valor aspectual inceptivo. Os valores aspectuais son dinámico, atélico ou télico segundo se manifeste ou non duración.

3.1.3. *Andar* nunha das súas acepcións funciona en estruturas eventivas de relación cuxo contido é “manter unha relación amorosa con outra persoa, saír con alguén”.

- (5) *A min dixérome que Carlos e María andaban xuntos* (Covas, Forcarei, Pontevedra, 64).
- (6) *Se soubera Eudilio de Cotaresco que o cura lle anda ca muller* (Chandrexa, Ourense, 23).
- (7) *Enforcara aqueles dous cristiáns por ciúmes de que un e outro lle andaran coa Dorinda* (Arraianos, 40).

O esquema sintáctico é *suxeito-predicado-predicativo*<sup>11</sup>, *suxeito-predicado-compl. prepositivo*, e o respectivo esquema semántico é *portador de relación-relación-modo, portador de relación-relación-término*.

O suxeito precede o predicado e pode incluír os diferentes membros que participan na relación, co que irá en plural ou estará composto por varias unidades. Os seus trazos semánticos son [+ humano], [+ concreto], [±común], [+ control].

O complemento resulta obrigatorio e pode estar desempeñado por unha fr. adxectiva en función de predicativo, que concorda en xénero e número co suxeito plural ou composto, e indicando o modo de se relacionaren dous individuos. Outras veces o complemento está representado por unha fr. prep. de estrutura (*con*+ fn/cláusula), cun referente [+ humano] e [±común], que indica a persoa coa que alguén mantén relación amorosa ou de trato e amizade. En paralelo con estas estruturas documéntase a construción *andar en amores*, na que se enfatiza a relación sentimental (*vgr. unha foto de súa avoa Carlota cando tiña dezaioito anos e andaba en amores co que despois*

---

<sup>11</sup> O predicativo non é doado de distinguir do atributo. Sobre esta cuestión existen múltiples puntos de vista en boa parte das linguas ibéricas e europeas. Para o castelán Gutiérrez Ordóñez (1997:273-277) recolleu distintos posicionamentos que operan con criterios coma os seguintes: grao de predicación semántica (menor para o atributo), obrigatoriedade (maior para o atributo), conmutación por clítico *o* e presenza das formas *ser*, *estar*, *parecer* (aplicables ao atributo).

*acabaría sendo o avó Gonzalo [Deus sentado nun sillón azul, 33]).* Con carácter opcional, pode funcionar un dativo, de referente animado, co papel semántico de prexudicado ou beneficiado (*vgr. ándalle cun home que non lle queren os pais*), e algún compl. circunstancial co papel semántico sobre todo de locación espacial ou temporal, causa, fin...

A construción é activa. Na estrutura de predicativo preséntase unha relación entre individuos co mesmo nivel de axentividade, mentres que na estrutura de compl. prepositivo esa relación preséntase partindo do suxeito e por tanto con máis grao de axentividade nel. O uso de *se* é posible para indicar suxeito indeterminado. Os valores aspectuais prototípicos son dinámico, atético, ás veces inceptivo ou terminativo (*vgr. empezou a/deixou de andar con esa moza*).

3.1.4. Outro esquema de relación no que participa *andar* é o que amosa o significado de “acompañarse de alguén”.

- (8) *É millor que non andes con esa xente* (Aciveiro, Forcarei, Pontevedra, 69).

O esquema sintáctico é *suxeito-predicado-compl. prepositivo* e o esquema semántico *portador de relación-relación-término*.

O suxeito precede o predicado e posúe os trazos semánticos [+ humano], [+ concreto], [±común], [+ control].

O complemento resulta obrigatorio, posponse<sup>12</sup> ao predicado e está desempeñado por unha fr. prep. de estrutura (*con+ fn/cláus.*), cun referente [+ humano] e [±común], que sinala o individuo que adoita andar na compañía de alguén. Con carácter opcional pode funcionar algún compl. circunstancial co papel semántico de modo e cuantificación (*vgr. non andes moito con esa xente*), locación espacial ou temporal, causa (*vgr. ando con eles porque me caen ben*), fin...

A construción é activa. Presenta unha relación de compañía e amizade que parte do suxeito cara a outro individuo. É posible o uso

---

<sup>12</sup> Na linguas romances, a posposición do suxeito ao complemento está determinada, en liñas xerais, pola tematización, polos valores aspectuais, a modalidade clausal, a animación e o control, a voz e o carácter semántico do verbo (*Vid. D’Introno 2001:132 e ss.; Baltin 2001:229 e ss.*).



de *se* para indicar suxeito indeterminado. Os valores aspectuais prototípicos son dinámico, atélico, ás veces inceptivo ou terminativo (*vgr. empezou a/deixou de andar con esa xente*).

3.1.5. *Darse* é outro predicado que funciona en esquemas de relación baixo o contido de “entenderse con alguén”

- (9) *O home chegou ó monte, deuse cos pastores e comprou un carneiro* (Riobarba, Ourense, 81).

O esquema sintáctico é *suxeito-predicado-compl. prepositivo*, cun esquema semántico *portador de relación-relación-término*.

O suxeito acostuma preceder o predicado e posúe os trazos semánticos [+ humano], [+ concreto], [ $\pm$ común], [+ control].

O complemento resulta obrigatorio. Está representado por unha fr. prep. de estrutura (*con*+ fn/cláus.), cun referente en xeral [+ animado] e [+ concreto], que sinala a persoa ou entidade cos que alguén se relaciona dalgunha maneira. Ás veces funciona un compl. circunstancial desempeñado por unha fr. adv. co papel semántico de modo (*vgr. deuse moi ben cos pastores*).

A construción ten forma pronominal, cun clítico variable en número e persoa que actúa como formante lexemático do verbo e contribúe a outorgarlle á construción o contido que ten. Os valores aspectuais son dinámico, atélico, por veces inceptivo, en ocasións intensivo (*vgr. darse moi ben con alguén*).

3.1.6. *Entenderse* é un predicado que funciona en esquemas de relación cuxo significado é o de “conxeniar con alguén ou cun mesmo e por extensión, manter relacións amorosas en segredo”.

- (10) *Ó non saber moito, o home non se entendía moito co nós* (Valga, Pontevedra, 65).

- (11) *Dúas irmãs estanqueiras que non deran casado e colleran mesmo a sona de se entenderen por demais* (Memoria do boi, 77).

O esquema sintáctico é *suxeito-predicado*, *suxeito-predicado-compl. prepositivo* e o esquema semántico *portador de relación-relación*, *portador de relación-relación-término*.

O suxeito acostuma preceder o predicado e posúe os trazos semánticos [+ humano], [+ concreto], [±común], [+ control].

O complemento non resulta obrigatorio cando o suxeito está desempeñado por unha fr. nom. composta ou en plural (*vgr. eses dous non se entenden*), remitindo a estrutura pronominal sintética a outra na que funciona un compl. prepositivo con sux. singular e na que se establece unha distribución regular da relación entre dous individuos (*vgr. Pedro e María enténdense* → *Pedro enténdese con María e María enténdese con Pedro*). Tampouco se explicita ningún complemento cando a relación de entendemento se dirixe a un mesmo, ao suxeito. Aínda que esta construción se sente próxima á reflexiva, en realidade trátase dunha estrutura na que funciona un compl. prepositivo, non un compl. directo (*cf. aparta, que eu enténdome* → *eu enténdome comigo/eu enténdome a min*). A estrutura de compl. prepositivo nunca equivale á construción nucleada por *comprender*, a de compl. directo é intercambiable por este verbo e resulta máis próxima ao predicado. A respecto das anteriores, a construción do tipo da que se expón no exemplo de arriba é analítica, nela o complemento ten carácter obrigatorio e está representado por unha fr. prep. de estrutura (*con+ fn/cláus.*), cun referente de trazos [+ humano], [+ concreto], [±común], con ou sen determinante, que sinala o segundo membro dunha relación entre dúas persoas. Por último, tamén pode funcionar opcionalmente algún compl. circunstancial representado a miúdo por unha fr. adv. (*vgr. ben, mal, moito, algo*) co papel semántico de cuantificación e modo, que matiza o grao e a maneira en que se produce a relación de entendemento.

A construción aparece moitas veces na modalidade negativa. Ten forma pronominal, co clítico variable en número e persoa, que actúa como formante lexemático do verbo determinando, co verbo en singular, a presenza de compl. prepositivo, e co verbo mailo suxeito en plural a ausencia de complemento. Os valores aspectuais prototípicos son dinámico, atético; ás veces habitual, iterativo e intensivo.

3.1.7. *Levarse* é outro predicado que funciona en esquemas de relación co significado de “ter un trato bo ou malo con alguén”.

- (12) *As familias nunca se levaron nin mal nin ben (En salvaxe compañía, 91).*
- (13) *Manuel nunca se levara ben con Gregorio,... (Agosto do 36, 15).*

O esquema sintáctico é *suxeito-predicado-compl. circunstancial e suxeito-predicado-compl. circunstancial-compl. prepositivo*. O respectivo esquema semántico é *portador de relación-relación-modo, portador de relación-relación-modo-término*.

O suxeito ten como posición habitual a preverbal. Os seus trazos semánticos son [+ animado] e [±humano], [+ concreto], [±común], [+ control].

O complemento non resulta obrigatorio cando o suxeito está desempeñado por unha fr. nom. composta ou en plural, co predicado tamén en plural; nestes casos a estrutura pronominal sintética remite a outra na que funciona un compl. prepositivo con sux. singular ou plural e na que se establece unha relación regular e simétrica entre individuos (cf. *Manuel e Carme non se levan* → *Manuel non se leva con Carme e Carme non se leva con Manuel*). Fronte a isto, a construción de tres argumentos é analítica, nela os complementos resultan obrigatorios e están representados por unha fr. prep. de estrutura (*con+ fn*), cun referente [+ animado], [+ concreto], [±común], que indica o segundo membro dunha relación de trato establecida entre dous individuos. Por último, tamén adoita funcionar na construción un compl. circunstancial representado por unha fr. adverbial (vgr. *ben, mal, de marabilla...*) co papel semántico de modo e cuantificación, matizando o grao en que se produce a relación.

A construción é activa, aparece moitas veces na modalidade negativa. Úsase cun clítico variable en número e persoa, que actúa como formante lexemático do verbo, e que determina tanto o papel de protagonista do suxeito, centrando nel a relación e situándoa no suxeito como punto de partida, como a presenza de compl. prepositivo. Co verbo e o suxeito en plural a presenza de clítico permite a ausencia de complemento. Os valores aspectuais son dinámico, atélico, ás veces intensivo.

3.1.8. *Mesturarse* é un predicado que funciona en construcións de relación cuxo contido é “xuntarse cousas ou persoas distintas confundíndose”.

- (14) *Nos relatos que forman os lendarios de todo o país e tamén de Galicia mestúranse realidade e desexo a partes non sempre iguais (Tempos Novos, 1, 22).*
- (15) *Nos portos mestúranse xentes de tódalas razas (Diccionario da Real Academia Galega, 771).*
- (16) *Un zoído confuso e xordo mesturábase dentro da miña testa con lembranzas, angurias, figuras de cores salseadas (Breña, Esmeraldina, 107).*

O esquema sintáctico é *suxeito-predicado* e *suxeito-predicado-compl. prepositivo*, resultando o esquema semántico *portador de relación-relación, portador de relación-relación-término*.

O suxeito é doado que apareza posposto ao predicado, feito que se ve favorecido polas prioridades informativas do emisor, así como pola non animación e non definitude nalgúns casos. Os seus trazos semánticos son [ $\pm$ animado], [ $\pm$ concreto], [ $\pm$ continuo], xeralmente [ $-$ control] aínda tratándose de suxeitos animados por non existir habitualmente intencionalidade nin desexo de *mesturarse*, xa que é algo casual.

O complemento non resulta obrigatorio cando o suxeito e o verbo están en plural, englobando os distintos participantes na relación. Neste caso, adoita funcionar algún compl. circunstancial con papeis semánticos coma os de loc. espacial, temporal, modo, causa, fin... Noutras construcións, o complemento resulta obrigatorio e está desempeñado por unha fr. prep. de estrutura (*con+fn*), cun referente [ $+$  humano], [ $+$  concreto], en ocasións [ $+$  continuo] (*vgr. ás veces mestúranse con xente de todas as razas*), que designa o individuo co que o suxeito se mestura ou confunde.

A construción ten forma pronominal. Co *sux.* e o verbo en plural o clítico remite á función de compl. prepositivo seguindo unha dobre dirección que parte de cada un dos participantes (*vgr. realidade e ficción mestúranse*  $\rightarrow$  *a realidade mestúrase coa ficción/a ficción mestúrase coa realidade*). O clítico impide a presenza de compl. directo e reforza o protagonismo do suxeito na relación establecida.

As construcións de suxeito animado presentan un carácter máis axentivo, con máis control e máis actividade, por iso están próximas a estruturas transitivas, só que nestas últimas o papel axentivo e o grao de control resultan máis patentes, e tamén os feitos presentados teñen un carácter máis externo, existindo un axente e un paciente (ordinariamente non animado) ben delimitados; é dicir, unha acción que se exerce sobre outra entidade dunha forma máis visible e con intención. Os principais valores aspectuais son dinámico e atélico; ás veces intensivo, habitual e iterativo.

### 3.2. *Esquemas de estado*

Son aqueles esquemas de relación integrados por construcións nucleadas por verbos como *asemellarse*, *cadrar*, *combinar*, *compaxinar*, *competir*, *contrañoñerse*, *corresponder*, *harmonizar*, *imitarse*, *ir*, *opoñerse*, *parecerse*, *pegar*, *saír*, *unirse*...

Analicemos algúns deles e poderemos deducir en boa medida o comportamento dos restantes.

3.2.1. *Asemellarse* é un predicado que funciona en esquemas de relación baixo o contido de “imitarse unha persoa ou cousa a outra”.

- (17) *Cuca era a muller que máis se asemellaba á imaxe da fermosura que lle viña á mente (Deus sentado nun sillón azul, 23).*
- (18) *Xa non era un rapaz, senón un home feito e dereito. E se xa antes lle asemellaba ó seu pai (Agosto do 36, 26).*
- (19) *Se ti queres argüirme que ser bispo en Galiza se pode asemellar a ser maxistrado entre os romanos,... (Morte de Rei, 49).*
- (20) *Eses dous cadros aseméllanse moito (Diccionario da Real Academia Galega, 20).*

O esquema sintáctico é *suxeito-predicado* e *suxeito-predicado-compl. prepositivo*. O esquema semántico respectivo é *portador de relación-relación*, *portador de relación-relación-término*.

O suxeito pódese pospoñer ao predicado debido á ausencia de animación, axentividade e control así como á tematización dalgún complemento. Os seus trazos semánticos poden ser [ $\pm$ animado] e [ $\pm$ humano], [ $\pm$ concreto], [ $\pm$ común], [-control].

O complemento non resulta obrigatorio nas construcións que presentan un suxeito e verbo en plural que engloba as varias entidades postas en relación. Ás veces esa relación explicitáase aínda máis con certos reforzos fráxicos (*vgr. eses dous cadros aseméllanse un ao outro*). O complemento vólvese obrigatorio en construcións nas que funciona unha fr. prep. de estrutura (*a+ fn*), cun referente [ $\pm$ animado] e [ $\pm$ concreto], que designa o segundo membro dunha relación de semellanza. Con carácter opcional, tamén pode aparecer algún compl. circunstancial co papel semántico sobre todo de modo e cuantificación, e con bastante liberdade posicional (*vgr. aseméllase moito a seu pai/ aseméllase a seu pai moito/ moito se asemella a seu pai*). Co cuantificador *moito* en situación preverbal a construción adquire un valor exclamativo, ponderativo, con meirande carga de subxectividade. Non ocorre o mesmo con *pouco* (*vgr. aseméllase pouco a seu pai/ pouco se asemella a seu pai*), co que a estrutura acentúa o valor enunciativo, con menor carga expresiva e ponderativa.

A construción preséntase maioritariamente baixo a forma pronominal, cun clítico variable en número e persoa, que fai referencia ao suxeito reforzando coa súa presenza a total similitude co elemento comparado; sen o clítico *se* a semellanza parece resultar algo máis parcial. Os valores aspectuais prototípicos son estativo, atético; intensivo en certos casos.

3.2.2. As formas *cadrar* e *casar* funcionan en estruturas de relación que teñen o contido de “harmonizar unha cousa con outra; combinar, coincidir dúas ou máis persoas ou cousas”.

- (21) *Esas cores non cadran* (Santiago, 35).
- (22) *Esa cor cadra ben con estotra* (*Gran Diccionario Xerais da Lingua*, 336).
- (23) *A música e maila estética dos novos grupos musicais galegos casa á perfección coas testemuñas arrincadas dos filósofos do pobo...* (*Tempos Novos*, 6, 93).

(24) *Nesta colcha, verdes e azules casan ben* (Cotobade, Pontevedra, 32)

O esquema sintáctico é *suxeito-predicado* e *suxeito-predicado-compl. prepositivo*, co respectivo esquema semántico *portador de relación-relación, portador de relación-relación-término*.

O suxeito sitúase antes do predicado. Nalgunhas estruturas documéntase posposto ao se tematizar o compl. prepositivo (*vgr. co verde non cadra o azul*). Os seus trazos semánticos son [-animado], [+concreto], [+común], [-control]. Os esquemas nucleados por *casar* tamén poden presentar os trazos [+animado], [+control] e [±común] en construcións como *ese non se casa con ninguén* cuxo significado é o de non someterse aos ditados doutra persoa.

O complemento non resulta obrigatorio nalgunhas estruturas que presentan un suxeito e un verbo en plural, que inclúen as varias entidades postas en relación (como vemos no exemplo). Nas demais, o complemento está representado por unha fr. prep. de estrutura (*con+fn*), posposta ao predicado e de referente non animado, que expresa o segundo membro dunha relación. Tamén é corrente o funcionamento dalgún compl. circunstancial co papel semántico de modo (*vgr. cadra ben, mal, regular...*). A súa ausencia implica sentido negativo ou positivo segundo exista ou non negación (*vgr. esa cor non cadra con aquela/esa cor cadra con aquela*). Este complemento sitúase antes do compl. prepositivo (se está explícito) e despois do predicado na estrutura non marcada (*vgr. as cores verdes non casan ben con esa roupa/?as cores verdes non casan con esa roupa ben*); non obstante, cando está modificado por outro adverbio pódese pospoñer ao compl. prepositivo (*vgr. as cores verdes non casan con esa roupa demasiado ben*).

A construción úsase en P3 singular ou plural e non admite *se* agás cando *casar* ten suxeito de persoa (*vgr. non casa con eses criterios/non se casa con eses criterios*). Non se emprega a voz pasiva, excepto en contextos moi concretos con significados próximos a “unir, encaixar”, que remiten á correspondente construción transitiva (*vgr. as pezas foron casadas perfectamente*). Os valores aspectuais son estativo, atélico, ás veces intensivo. Pode percibirse un valor dinámico cando o suxeito é animado.

3.2.3. *Competir* pode ser predicado de esquemas de relación cando ten o significado de “presentarse igualadas dúas persoas ou cousas en calidades ou en grao de perfección”.

(25) *Non hai quen lle compita en intelighencia* (Forcarei, Pontevedra, 70).

(26) *A rapaza pequena compite coa grande en intelixencia* (Santiago, 35).

O esquema sintáctico é *suxeito-predicado-compl. indirecto-compl. circunstancial* e *suxeito-predicado-compl. prepositivo-compl. circunstancial*. O respectivo esquema semántico é *portador de relación-relación-afectado-campo/aspecto*; *portador de relación-relación-término-campo/aspecto*.

O suxeito precede xeralmente o predicado e pode ter uns trazos semánticos variables [ $\pm$ animado] e [ $\pm$ humano], [ $\pm$ concreto], [ $\pm$ común], [ $\pm$ control].

O complemento resulta obrigatorio. Pode estar representado por un dativo e/ou compl. ind. ou por unha fr. prep. de estrutura (*con+ fn*) e referente [ $\pm$ animado] que indica a entidade coa que algo ou alguén pretende igualarse. A estrutura con fr. prep. sitúa a calidade ou aspecto de que se trate como tema de contenda entre dúas entidades, e así atópase moitas veces en cláusulas negativas (*vgr. non pode competir con el en intelixencia*). A estrutura con dativo e/ou compl. ind. incide sobre todo na entidade afectada e caracterizada por unha certa calidade ou característica. O outro complemento está desempeñado por unha fr. prep. de estrutura (*en+ fn*), cuxo referente é un nome de trazos [ $-$ animado] e xeralmente [ $-$ concreto], que alude ao campo, calidade ou asunto, obxectos de rivalidade.

A construción establece unha relación de comparación entre dous ou máis individuos e toma como punto de partida a entidade representada no suxeito e como base de comparación certa calidade ou aspecto; nesta liña a construción aproxímase ás estruturas atributivas de estado e calidade (*vgr. compite con el en intelixencia/é tan intelixente coma el*). É posible nalgunhas estruturas o uso de *se* indicando sux. indeterminado, podendo adquirir a construción un certo valor dinámico inusual nesta acepción. Os valores aspectuais prototípicos son estativo e atético.



3.2.4. *Corresponder* é un predicado que funciona en esquemas de relación que teñen o significado de “manter unha determinada relación de pertenza, incumbencia, competencia ou concordancia co que se expresa”.

- (27) *O control de Baltar non se limita ó 40% de representación que lle corresponde á Deputación (Tempos Novos, 6, 22).*
- (28) *Non estando o chao do comedor debidamente inclinado, como corresponde a un salón de proxección normal (Bretaña, Esmeraldina, 265).*
- (29) *Os obxectos e os feitos desmesurados non se corresponden coa grandeza dos xigantes nin coa estatura sobrehumana dos deuses (Deus sentado nun sillón azul, 250).*

O esquema sintáctico é *suxeito-predicado-compl. indirecto e suxeito-predicado-compl. prepositivo*. O esquema semántico respectivo é *portador de relación-relación-destinatario, portador de relación-relación-término*.

O suxeito habitualmente precede o predicado, non sendo nos casos en que se tematiza o complemento para establecer un determinado centro de atención informativo. Os seus trazos semánticos son [-animado], [±concreto], [±común], [±continuo], [-control].

O complemento resulta obrigatorio; está desempeñado quer por un compl. prepositivo quer por un dativo e/ou compl. indirecto (*a+fn*), cun referente [-animado], que alude ao individuo ou entidade cos que se mantén a relación de que se trate. O compl. prepositivo está representado por una fr. prep. de estrutura (*a, con+fn*), e fronte ao compl. indirecto case sempre ten como referente un nome que se caracteriza polos trazos [-animado], [±concreto], [-control], e o seu papel semántico non é o de destinatario (beneficiado ou prexudicado) senón o de segundo membro dunha relación de carácter simétrico e semellante, así como de distribución regular conectada por medio do verbo.

A construción admite *se* con *sux.* animado indicando a súa indeterminación. Manifesta un carácter non axentivo nin activo, e úsase en P3 singular ou plural, con valores aspectuais como son os de estativo e atético.

3.2.5. *Harmonizar* é outro predicado de esquemas de relación que teñen o significado de “estar en harmonía dúas persoas ou cousas, compenetrarse”.

- (30) *Eses dous non harmonizan ben* (*Gran Diccionario Xerais da Lingua*, 1037).
- (31) *Dedos longos de capador ou músico que harmonizaban en habelencia coas palabras* (*Memoria do boi*, 38).

O esquema sintáctico é *suxeito-predicado, suxeito-predicado-compl. prepositivo*. O esquema semántico respectivo é *portador de relación-relación, portador de relación-relación-término*.

O suxeito adoita manter a orde habitual de anteposición ao predicado e caracterízase polos trazos semánticos [ $\pm$ animado], [ $\pm$ concreto], [ $\pm$ común], [ $-$ control], [ $+$  control] cos suxeitos humanos que teñen a posibilidade de establecer unha relación ou de modificala.

O complemento non resulta obrigatorio cando o *sux.* presenta máis dun referente sexa a través dunha unidade composta sexa por estar en plural concordando co verbo; emporiso é habitual o funcionamento dun *compl.* circunstancial representado por unha *fr. prep.* ou *adverbial* co papel semántico de modo. Nas outras construcións, con *sux.* en singular ou plural, funciona un *compl. prepositivo* desempeñado por unha *fr. prep.* de estrutura (*con+fn*), con ou sen determinante, e cun referente [ $\pm$ animado], [ $\pm$ concreto], [ $\pm$ común], que sinala o segundo membro dunha relación dada. Aínda que opcional, tamén aquí é frecuente algún *compl.* circunstancial co papel semántico de modo.

A construción é activa, cun suxeito de carácter non axentivo. Co *compl. prepositivo* explícito non admite *se*. Sen a presenza explícita deste complemento é posible o uso de *se* (*vgr. esas cores non se harmonizan*), quedando en certa maneira latente o complemento. Os valores aspectuais son estativo e atético.

3.2.6. *Ir* funciona como predicado de esquemas de relación cuxo contido é o de “combinar unha cousa con outra”.

- (32) *A blusa non vai con esa saia* (Forcarei, Pontevedra, 32).
- (33) *O negro vai con moitas cousas* (Cotobade, Pontevedra, 34).

O esquema sintáctico é *suxeito-predicado, suxeito-predicado-compl. prepositivo*, correspondéndolle o esquema semántico *portador de relación-relación, portador de relación-relación-término*.

O suxeito está explícito nestes exemplos a través dunha fr. nom. definida. Adoita preceder o predicado e referirse a cores ou prendas de vestir. Os seus trazos semánticos son [-animado], xeralmente [+concreto] e [+común], [-control].

O complemento non se usa naqueles casos nos que o suxeito é plural ou composto, aglutinando as dúas unidades postas en relación (*vgr. o verde e o vermello non van*). Nas restantes construcións funciona unha fr. prep. de estrutura (*con+fn*), cun referente [-animado] que indica o segundo membro da relación establecida entre dúas entidades (*X con Z*). Con frecuencia funciona tamén un compl. circunstancial representado por unha fr. adv. co papel semántico de modo (*vgr. o cinto vai ben con eses zapatos*), ou un pronome dativo que sinala a persoa a quen se lle aplica o designado na relación (*vgr. o pantalón no lle vai ben coa chaqueta*).

Estas construcións mostran unha relación simétrica entre un designado e un referente, podendo mudar as respectivas unidades sintácticas o seu correspondente lugar na estrutura sen que o esquema varíe, aínda que si cambiaría o tipo de información transmitido, de acordo coa unidade que se tome como punto de partida (*vgr. a blusa vai coa saia/a saia vai coa blusa*). Fronte ás estruturas de compl. prepositivo nas que só a entidade designada polo suxeito se somete a contraste, documéntanse outras, mormente con negación, que presentan os dous elementos relacionados simultaneamente dentro dunha estrutura coordinada que funciona como *sux. dun predicado monovalente* (*vgr. o negro e o branco non van*).

A construción está próxima ás de voz media e úsase en P3 singular ou plural, sen *se*. Os valores aspectuais son estativo e atético.

3.2.7. *Pegar* funciona como predicado de esquemas de relación cuxo contido é “compaxinar, harmonizar ben unha cousa con outra”.

- (34) *Combinou cores que pegaban ben* (*Diccionario castelán-galego da RAG*, 712).

- (35) *A gravata non che pega nada con esa camisa* (Gran Dicionario Xerais da Lingua, 1482).
- (36) *A este pantalón non lle pega unha camisa azul* (Covas, Forcarei, 65).

O esquema sintáctico é *suxeito-predicado-(ccircunstancial), suxeito-predicado-compl. prepositivo, suxeito-predicado-compl. indirecto*, correspondéndolle o esquema semántico *portador de relación-relación, portador de relación-relación-término, portador de relación-relación-afectado*.

O suxeito pódese pospoñer ao predicado, mormente en contextos negativos, con dativo e/ou compl. ind. e cun suxeito representado por unha cláus. introducida por *que* (*vgr. non che pega que vaías de pantalón branco*). Todo isto facilitado ademais polos trazos semánticos do suxeito que son [-animado], [+concreto] ou [-concreto] (*vgr. non che pega a ti ese carácter tan serio*), [±continuo], [-control].

O complemento é opcional cando o suxeito abrangue os distintos participantes na relación (*vgr. ese pantalón e esa camisa non pegan*). Nestes casos non é infrecuente a presenza dalgún ccircunstancial co papel semántico sobre todo de modo e cuantificación (*vgr. esas cores non pegan nada; esas cores pegan ben*).

Nas demais construcións o complemento resulta obrigatorio e está representado ben por unha fr. prep. de estrutura (*con+fn*), cun referente [-animado] que expresa a entidade coa que o suxeito compaxina ben ou mal, ben por un dativo e/ou compl. indirecto que, actuando moitas veces como tema, sinala a entidade coa que o referente do suxeito harmoniza en maior ou menor medida. De xeito opcional tamén pode funcionar algún compl. ccircunstancial co papel semántico sobre todo de modo e cuantificación, causa, así coma un dativo e/ou compl. indirecto (principalmente nas construcións de compl. prepositivo coma [35]), de referente animado, co papel semántico de afectado.

A construción non admite *se* e emprégase en P3 singular ou plural. Resulta frecuente o emprego de cláusulas negativas. Os valores aspectuais prototípicos son estativo e atélico.

3.2.8. *Tirar* é un predicado de esquemas de relación que manifestan o contido de “imitarse, saír a, parecerse a alguén ou a algo”.

(37) *Tíralle ben a súa nai* (*Gran Diccionario Xerais da Lingua*, 1864).

(38) *Víronse de súpeto dous fachos que tiraban a verde* (*En salvaxe compañía*, 40).

O esquema sintáctico é *suxeito-predicado-compl. indirecto, suxeito-predicado-compl. prepositivo*. O respectivo esquema semántico é *portador de relación-relación-afectado, portador de relación-relación-término*.

O suxeito adoita preceder o predicado e caracterízase polos trazos semánticos [ $\pm$ animado], [+concreto] en usos rectos, [ $\pm$ común], [-control].

O complemento resulta obrigatorio e está representado por unha fr. prep. de estrutura (*a+fn*), con ou sen determinante, e cun referente que pode ser [ $\pm$ animado], [ $\pm$ concreto], [ $\pm$ continuo]. Cando o referente é animado acostuma funcionar un pronome dativo e/ou compl. indirecto que designa o individuo ao que alguén se parece fisicamente.

A construción pode ter forma pronominal (*vgr. tírase a súa nai*), cun clítico variable en número e persoa cando o suxeito é animado, que enfatiza a relación de semellanza e a centra no seu portador. Os valores aspectuais son estativo, atélico, ás veces intensivo ou atenuativo.

#### 4. CONCLUSIÓN

Tentamos proxectar a noción semántica de *relación* na construción a través dalgúns dos esquemas semántico-sintácticos prototípicos en que participa.

Puidemos comprobar que os esquemas de relación están formados por construcións que gardan entre si moitas similitudes estruturais, tanto na dimensión sintáctica coma na semántica; un feito que

permite pensar na conveniencia dunha subclase de esquemas diferenciada.

Observamos que se trata de construcións tanto pronominais coma non pronominais. Son de dous argumentos, ou de un argumento no que quedan asimilados os distintos participantes. As de tres argumentos rexístranse menos.

Son esquemas que manifestan un carácter dinámico e de estado, con certa preferencia para este último, así coma suxeitos animados e non animados, e cun valor aspectual nomeadamente atético.

Os suxeitos desempeñan sempre o papel semántico de *portador de relación* e serán máis axentivos ou menos consonte o carácter dinámico ou estático do esquema en que funcionen. En liñas xerais, os suxeitos pertencentes a esquemas de relación dinámicos adoitan ser animados, con control e cunha orde habitual que é a preverbal.

Así pois, a importante presenza na lingua deste tipo de construcións, cun comportamento bastante homoxéneo, abre a posibilidade de considerar un subtipo semántico que concrete e precise nocións xenéricas como *acción* ou *estado* e xa que logo contribúa a ir máis alá no desenvolvemento dos papeis e esquemas semánticos da cláusula.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

### 1. CORPUS

#### 1.1. *Lingua oral*

FERNÁNDEZ REI, F. e HERMIDA, C. (eds.) (1996): *A nosa fala: bloques e áreas lingüísticas do galego*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

SANTAMARINA, A. (dir.) (1985-2004): *Tesouro Informatizado da Lingua Galega*, Universidade de Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega. Publicación electrónica en: <http://www.ti.usc.es/TILG/>

SOTO ANDIÓN, X. (1993-2000): *Gravacións* (60 horas), material inédito transcrito procedente de diferentes puntos de Galicia, Santiago de Compostela.

- VÁZQUEZ-MONXARDÍN, A. (coord.) (1992): *A cultura popular de tradición oral nos centros da terceira idade. Unha experiencia de recollida en Centros de Ourense, Santiago, Tui e Viveiro*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- VIDAL, A. (1994): *Contribución ó estudio do léxico de Loureiro (Cotobade)*, tese de licenciatura inédita, Universidade de Santiago de Compostela, Facultade de Filoloxía.

## 1.2. *Lingua escrita*

- CARBALLEIRA, X. M. (coord.) (2000): *Gran diccionario Xerais da lingua*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- CASARES, C. (1998): *Deus sentado nun sillón azul*, Vigo: Galaxia.
- FERNÁNDEZ FERREIRO, X. (1991): *Agosto do 36*, Vigo: Xerais.
- GARCÍA, C. e GONZÁLEZ, M. (dir.) (1997): *Diccionario da Real Academia Galega*, A Coruña/Vigo: Real Academia Galega/Xerais/Galaxia.
- GARCÍA, C. e GONZÁLEZ, M. (dir.) (2004): *Diccionario castelán-galego da Real Academia Galega*, A Coruña: Real Academia Galega/Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- MÉNDEZ FERRÍN, X. L. (1987): *Bretaña, Esmeraldina*, Vigo: Xerais.
- MÉNDEZ FERRÍN, X. L. (1991): *Arraianos*, Vigo: Xerais.
- Revista *TEMPOS NOVOS*, números 1 (1997), 6 (1997), Santiago de Compostela: Atlántica de información e comunicación de Galicia.
- RIVAS, M. (1995): *En salvaxe compañía*, Vigo: Xerais.
- SANTAMARINA, A. (dir.) (1985-2004): *Tesouro Informatizado da Lingua Galega*, Universidade de Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega. Publicación electrónica en: <http://www.ti.usc.es/TILG/>
- VÁZQUEZ PINTOR, X. (2001): *A memoria do boi*, Vigo: Xerais.
- XOHÁN CABANA, D. (1996): *Morte de Rei*, Vigo: Xerais.

## 2. ESTUDOS E OBRAS DE CONSULTA

- ÁLVAREZ, R. e XOVE, X. (2002): *Gramática da lingua galega*, Vigo: Galaxia.
- ARAUJO, S. (2001): “Le passif dans le système des voix du français et du portugais”, en A. Veiga, V. Longa e J. Anderson (eds.), *El verbo entre el léxico y la gramática*, Lugo: Tris-Tram, 19-30.

- BALTIN, M. (2001): “A-movements”, en M. Baltin e C. Collins (eds.), *The handbook of contemporary syntactic theory*, Oxford: Blackwell, 226-254.
- BERTINETTO, P. M. e DELFITTO, D. (2000): “Aspect vs. Actionality: why they should be kept apart”, en O. Dahl (ed.), *Tense and aspect in the languages of Europe*, Berlin/New York: Mouton de Gruyter, 189-226.
- BORER, H. (2004): *Structuring sense*, Oxford: Oxford University Press.
- CIDRÁS, F. A. (2001): “Construccions medias e impersoais con *se* como construccions sintácticas distintas en galego (e noutras linguas)”, en A. Veiga e X. L. Regueira (eds.), *Da gramática ó dicionario. Estudos de lingüística galega*, Santiago: Universidade de Santiago, Verba, anexo 49, 71-82.
- COLLINS, H. (2005): *Collins English Dictionary*, Glasgow: HarperCollins Publishers.
- COMRIE, B. (1989): *Universales del lenguaje y tipología lingüística*, Madrid: Gredos.
- CROFT, W. (2001): *Radical Construction Grammar*, New York: Oxford University Press.
- D’INTRONO, F. (2001): *Sintaxis generativa del español: evolución y análisis*, Madrid: Cátedra.
- DIMITROVA-VULCHANOVA, M. (1999): *Verbs semantics, diathesis and aspect*, München: Lincom Europa.
- FARIA, I. H. et al. (1996): *Introdução à Lingüística Geral e Portuguesa*, Lisboa: Caminho.
- FREIXEIRO, X. R. (2000): *Gramática da lingua galega II. Morfosintaxe*, Vigo: A Nosa Terra.
- GARCÍA, C. e GONZÁLEZ, M (dir.) (1997): *Diccionario da Real Academia Galega*, A Coruña/Vigo: Real Academia Galega/Xerais/Galaxia.
- GUTIÉRREZ ORDÓÑEZ, S. (1996): *Introducción a la semántica funcional*, Madrid: Síntesis.
- GUTIÉRREZ ORDÓÑEZ, S. (1997): *La oración y sus funciones*, Madrid: Arco/Libros.
- HALE, K. e KEYSER, S. J. (2002): *Prolegomenon to a theory of argument structure*, Cambridge/Massachusetts: The MIT Press.
- HALLIDAY, M. A. K. e MATHIESSEN, Chr. (2004): *An Introduction to Functional Grammar*, London: Arnold.
- JACKENDOFF, R. (1990): *Semantic structures*, Cambridge/Massachusetts: The MIT Press.
- KAY, P. (1997): *Words and the grammar of context*, Stanford, California: CSLI.



- KIBRIK, A. E. (1997): "Beyond subject and object: toward a comprehensive relational typology", *Linguistic Typology*, Berlin/New York: Mouton de Gruyter, 1-3, 279-346.
- LANGACKER, R. W. (1991): "Cognitive grammar", en F. Droste e J. Joseph (eds.), *Linguistic theory and grammatical description*, Amsterdam: John Benjamins, 275-306.
- LÓPEZ, A. (1996): *Gramática del español. II. La oración simple*, Madrid: Arco/Libros.
- LYONS, J. (1993): *Introducción al lenguaje y a la lingüística*, Barcelona: Teide.
- MIGUEL, E. De (1999): "El aspecto léxico", en I. Bosque e V. Demonte (eds.), *Gramática descriptiva de la lengua española*, 2, Madrid: Espasa-Calpe, 2977-3060.
- MORENO CABRERA, J. C. (1997): *Introducción a la lingüística. Enfoque tipológico y universalista*, Madrid: Síntesis.
- MORENO CABRERA, J. C. (2003): *Semántica y gramática. Sucesos, papeles semánticos y relaciones sintácticas*, Madrid: Machado Libros.
- PUSTEJOVSKY, J. (1998): *The generative lexicon*, Cambridge/Massachusetts: The MIT Press.
- RAE (2001): *Diccionario de la Lengua Española*, Madrid: Espasa-Calpe.
- SÁNCHEZ LÓPEZ, C. (ed.) (2002): *Las construcciones con "se"*, Madrid: Visor.
- SAUSURRE, F. de (1976): *Cours de Linguistique Générale*, edition critique préparée par Tullio De Mauro, Payot: Paris.
- THIEROFF, R. (2000): "On the areal distribution of tense-aspect categories in Europe", en O. Dahl (ed.), *Tense and aspect in the languages of Europe*, Berlin/New York: Mouton de Gruyter, 265-305.
- VAN VALIN, J. R. e LAPOLLA, R. J. (1997): *Syntax. Structure, Meaning and Function*, Cambridge: Cambridge University Press.
- VENDLER, Z. (1967): "Fact and events", *Linguistics in Philosophy*, Ithaca: Cornell University Press, 122-146.
- VILELA, M. (1999): *Gramática da língua portuguesa*, Coimbra: Almedina.